



XUNTA
DE GALICIA

Colexio de Educación Infantil
e Primaria Ponte de Xubia
15010162

Rúa do Foro, 32
15570 Narón, A Coruña
T. +34 881938190
ceip.ponte.xubia@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceippontexubia

PLAN DE IGUALDADE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:
 - 5.1. Organización do centro.
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A Constitución Española proclama no seu artigo 14 o principio de igualdade ante a Lei e no artigo 9.2. establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no título preliminar, capítulo I, artigo 1 “principios da educación” dinos que:

a) O sistema educativo español inspírase no cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do neno, adoptada por Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, ratificada o 30 de novembro de 1990, e os seus Protocolos facultativos, recoñecendo o interese superior do menor, o seu dereito á educación, a non ser discriminado e a participar nas decisións que lles afecten e á obrigaición do Estado de asegurar os dereitos.

b) A calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, co establecido na Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada en 2008.

k) A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial o do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar ao alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar.

l) O desenrolo da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e home a través da consideración do réxime de coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, a prevención da violencia de xénero, así como o fomento do espírito crítico e da cidadanía activa.

No capítulo I, artigo 2 “fines” dinos que:

b) A educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por razón de nacemento, orixe racial ou étnico, relixión, convicción, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade. Ou calquera outra condición ou circunstancia.

A escola ten unha responsabilidade social ineludible, xa que educar no respecto á diversidade afectivo-sexual é parte inherente á formación integral das persoas. As relacións de respecto e igualdade deberán estar presentes en todos e cada un dos espazos e ámbitos da escola, así como de toda a comunidade educativa.

Os valores de igualdade, pluralidade, diferenza e respecto deberán ser unha constante nas nosas funcións de mellorar o mundo en que vivimos.

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO

Unha das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre o que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade:** a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

Partindo do xa comentado artigo 14 da Constitución Española temos tamén, no marco da Unión Europea o artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión, no que se di que “a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. A Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destaca o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos para poñer fin á discriminación baseada no xénero.

O preámbulo da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que a educación é o medio de transmitir a cultura e valores. Un dos principais fins é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes.

Destaca a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes co seu artigo 23 de “educación para a igualdade de mulleres e homes” e o artigo 24 “integración do principio de igualdade na política de educación”.

Xa na nosa comunidade autónoma temos:

- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.

O CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia está situado no Concello de Narón, na provincia de A Coruña. É un CEIP de liña 1 que ten educación infantil e primaria.

O centro conta con:

- Plan de Convivencia e NOFc
- Plan de Acción Titorial.
- Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Plan de Acollida.
- Plan de Autoprotección.

O centro conta co seguinte persoal (docente e non docente):

- Órganos de goberno: directora, xefa de estudos, secretaria, claustro e consello escolar.
- 10 titoras
- 1 mestre especialista de música
- 1 mestra de apoio de educación infantil
- 1 mestra especialista de pedagogía terapéutica
- 1 mestra especialista de audición e linguaxe (compartida con outro centro)
- 1 mestra de audición e linguaxe (de atención preferente)
- 1 orientadora (compartida con outro centro)
- 1 mestra especialista en educación física
- 1 mestra de relixión (compartida con outro centro)
- 1 auxiliar técnico (coidadora)
- 1 auxiliar de servizos (conserxe)

O centro conta con patio cuberto e descuberto para os recreos e tamén con ximnasio cuberto para a realización da materia de Educación Física, dos festivais e das actividades extraescolares.

As aulas contan cun alumnado numeroso xa que son aulas (case todas) de máis de 20 alumnos/as. Nestas aulas hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae) que está atendido pola mestra de Pedagogía Terapéutica e pola mestra de Audición e Linguaxe e tamén conta con apoio por parte dos mestres/as con dispoñibilidade horaria.

No centro, a nivel global, trabállase a igualdade a través de actividades como son: a celebración do Día da Muller Traballadora (8 de marzo), a celebración do día 25 de novembro, a celebración do Día da Paz... onde a través de distintas actividades como: lectura de libros, realización de bailes, cantar cancións... ponse de manifesto a importancia da igualdade e a convivencia dentro do centro.

Tamén se traballa a igualdade a nivel de aula, onde cada mestre/a, na súa programación, diseña actividades para levar a cabo nas distintas materias.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Realizar actividades sensibilizadoras relacionadas coas celebracións máis importantes do plan: 25 de Novembro e 8 de Marzo
- Visibilizar á muller nas programacións: dar a coñecer as aportacións das mulleres no desenvolvemento da humanidade a través de actividades nas programacións de aula.
- Utilizar unha linguaxe non sexista.
- Recoñecer as emocións das outras persoas, a través do establecemento de relacións respectuosas e adquirindo habilidades.
- Fomentar o emprego de materiais inclusivos e coeducativos, favorecendo a visibilización de boas prácticas.
- Favorecer unha linguaxe inclusiva.
- Incluír o tratamento dos distintos modelos de diversidade familiar, de xeito normalizado.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Incentivar a práctica do deporte en igualdade no centro. Promover a creación de equipos femininos e o desenvolver xogos e actividades deportivas mixtas.
- Traballar de forma coordinada con outros proxectos que se desenvolven no centro.
- Respetar o principio de non discriminación das persoas, con especial atención á discriminación por razón de sexo.
- Incorporar de xeito transversal a perspectiva de xénero e o principio de igualdade na práctica educativa.
- Aprender estratexias para unha axeitada xestión emocional do conflito.
- Favorecer dinámicas de traballo cooperativas, creando espazos de reflexión e convivencia, sen protagonistas en desigualdade.
- Favorecer o desenvolvemento competencial do alumnado, promovendo así unha aprendizaxe activa e autónoma.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Facer visible o traballo en Igualdade de Xénero que se está realizando no centro a través dun espazo na entrada onde se poña todo tipo de información relacionada coa coeducación.
- Realizar actividades extraescolares que potencien as relacións de igualdade entre o alumnado.
- Proporcionar información sobre igualdade a todo o profesorado e potenciar que se desenvolvan actividades relacionadas con esta temática desde todas as materias.

- Implicar ás familias na realización de actividades sobre o Plan de Igualdade.
- Desterrar vellos tópicos sexistas por medio de diferentes intervencións, como por exemplo proxección de vídeos, películas, charlas...
- Desenvolver comportamentos responsables, solidarios, tolerantes...
- Implementar programas e materiais para a prevención precoz de condutas violentas, favorecendo ó mesmo tempo actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Desenvolver no alumando unha imaxe propia axustada e positiva, traballando os recursos persoais precisos para unha doada autoestima e xestión emocional.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.

- Traballar en coordinación co departamento de orientación e a xefatura de estudos para integrar o Plan de Igualdade e mellorar a convivencia no centro.
- Incrementar os recursos dispoñibles sobre a temática, intentando dotar ás aulas de material.
- Sensibilizar e previr a discriminación e a violencia de xénero mediante o exemplo de recursos gráficos.
- Rexeitar a tolerancia ante actitudes contrarias ós principios de convivencia e igualdade por parte de calquera persoa.
- Fomentar a participación do alumnado na organización e no desenvolvemento das actividades que se leven a cabo, relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.
- Descubrir o feito do sexismo (machismo) en homes e mulleres e en aqueles contextos nos que nos desenvolvemos habitualmente, xerando actitudes de crítica e rexeitamento do mesmo.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1. Organización do centro.

O centro conta con dous edificios. No edificio de Educación Infantil, atopamos:

- As aulas de educación infantil
- O despacho de dirección e secretaria
- Conserxería
- Gabinete de Orientación
- A aula de Audición e Linguaxe
- A biblioteca
- A sala de mestres/as
- A aula de música

No edificio de Primaria:

- As aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- As oficinas da ANPA.
- A aula de Pedagogía Terapéutica.
- A sala de madrugadores.

Os recreos están distribuídos en dous patios (cuberto e descuberto) con mestres de garda en cada patio.

Dende o centro organízanse actividades como:

- O magosto
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero, 25 de novembro.
- O Nadal
- O Día da Paz
- O Entroido
- O día da Muller traballadora
- Etc

En todas estas celebracións participan as familias, nas que de xeito directo ou indirecto, foméntase a igualdade de xénero, a participación, a colaboración...

Tamén se trata a igualdade de xénero a través da publicación da documentación, dossiers... en igualdade cun vocabulario libre de sexismos.

O centro conta cun taboleiro onde se expón a información de xeito puntual daquelas actividades a desenvolver.

Todos os días no centro realízase “o tempo de lectura” no que durante 20 minutos (de 12:00 a 12:20) cada aula realiza a actividade de lectura. Deste xeito, tanto de maneira individual como colectiva, foméntase tamén a lectura de libros e de material en igualdade.

O centro colabora con diferentes institucións: Concello de Narón, CFR de Ferrol, Cáritas Diocesana Xuvia-Narón,,...etc que levan inherentes a realización de charlas informativas, tanto para os alumnos como para os mestres, entre as que podemos atopar temáticas relacionadas directamente coa igualdade, o respecto e a solidariedade principalmente.

No centro estase a desenvolver o “Proxecto SEM-GAL” no que se traballan tamén aspectos e actividades científicas introducindo así a igualdade de xénero en actividades consideradas máis dun xénero que de outro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- No noso centro foméntanse dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, dende a liberdade e diversidade de opcións.
- Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- Difundir a táboa de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- Favorecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade.
- O EDLG publicou un Calendario Escolar que adica o mes de decembro á Comunidade Educativa e aos Valores. O máis importante do noso centro son as persoas: alumnado, familias e profesorado. Se desde as familias e o centro traballamos cos mesmos valores de empatía, solidariedade, igualdade, diversidade, xustiza e sostibilidade estaremos educando para que todos sexamos responsables dos nosos actos, favorecendo unha sociedade máis involucrada no ben común.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Na web do noso centro difúndese a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.(p.ex. EDLG, marcha pola igualdade contra a violencia de xénero))
- Tratamos de fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- Impulsar a formación e participación das familias.
- Identificar e difundir as boas prácticas e materiais.
- Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
- Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.
- Participar en todas aquelas actividades que trasmitan valores de solidariedade, igualdade, tolerancia, inclusión, empatía, respecto e non discriminación.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Educar dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- Impulsar a formación e participación das familias.
- Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
- Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensino obrigatorio sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para a avaliación utilizarase a observación directa e sistemática, rexistro das actividades, reunión cos titores/as e cos mestres/as, enquisas... A final de curso realizarase un informe sobre a evolución do Plan, as actividades desenvoltas e o grao de consecución dos obxectivos propostos e unha proposta de mellora para o curso seguinte. Contarase tamén coa valoración do Consello Escolar en relación coas actuacións desenvoltas para promover a coeducación, a igualdade e a prevención da violencia de xénero no centro.